



INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DA PROPOSICIÓN PRESENTADA PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN NOS DÍAS LECTIVOS DENOMINADOS TEOCOIDA E TEOMADRUGA (S-6/2024)

SOLICITANTE: Mesa de Contratación do Servizo de Conciliación nos días lectivos denominados Teocoida e Teomadruga (S-6/2024).

FEITOS

- O 03.09.2024 ás 09:00 h, constituíuse a Mesa de Contratación do Servizo de Conciliación nos días lectivos denominados Teocoida e Teomadruga (S-6/2024).
- Nese mesmo acto, abriuse o Sobre «A», e encomendóuselle aos servizos técnicos correspondentes a valoración no relativo aos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor, nun prazo non superior a sete días naturais segundo establece o art. 159.4 e) da Lei de Contratos do Sector Público, dándolles traslado da documentación avaliable das ofertas presentadas.
- Os servizos técnicos municipais encargados da súa valoración están formados por Estefanía A. Lodeiro Paz, avogada do Centro de Información ás Mulleres e técnica responsable dos servizos de conciliación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Apartado B da cláusula 9.4 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do Servizo de Conciliación nos días lectivos denominados Teocoida e Teomadruga (S-6/2024).
- Apartado 3.4 do Prego de Prescricións Técnicas para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do Servizo de Conciliación nos días lectivos denominados Teocoida e Teomadruga (S-6/2024) referido ao proxecto técnico.

INFORME

A. EMPRESAS PARTICIPANTES

Presentáronse ao procedemento de contratación as seguintes empresas:

1. IDEAS DE BOLINA, S.L.
2. LUDUS TEMPORI S. COOP. GALEGA
3. SERVICIOS INTEGRALES DE FORMACIÓN, S.L.

B. VALORACIÓN DOS PROXECTOS TÉCNICOS

1. IDEAS DE BOLINA, S.L.

A. XUSTIFICACIÓN TEO MADRUGA

1. Organización da prestación do servizo:

a) Proxecto educativo:

- Temática xeral: presenta “úpe r-sans”, centrado en que as persoas usuarias leven hábitos de vida saudables
- Obxectivos: Os obxectivos adáptanse ao prego, sinalando obxectivos específicos a maiores.
- Metodoloxía a empregar, descrición das actividades, con indicación dos materiais a utilizar en cada unha delas e programación das mesmas por cada mes e planificación do horario durante o tempo do servizo: Desenvolve os elementos integradores da metodoloxía (un fío condutor, a palabra, o xogo, o grupo, as reunións, actividades especiais e motivación e valores) e inclúe a igualdade como eixo transversal, dando protagonismo ás persoas usuarias. Presenta unha tipoloxía de actividades cos obxectivos e exemplos de temáticas diversas (almorzos saudables, pre-multideporte, educación artística e cultural, animación á lectura, educación emocional, medio ambiente, igualdade de xénero, obradoiros creativos, ciencia divertida, musicais, adaptadas en función de posibles cambios e días de especiais conmemoracións), xunto con actividades transversais de inclusión e diversidade e co fío condutor dos hábitos de vida saudables. Especifica os libros que utilizará así como menciona o fomento da lingua galega consonte a normativa municipal. Presenta unha planificación diaria tanto das actividades como do almorzo. Percíbese a coherencia entre obxectivos, metodoloxía e actividades en todo o proxecto, así como o uso non sexista da linguaxe. Non presenta un protocolo de actuación ante accidentes. Hai 2 páxinas cortadas e refírese a un contrato de 2 anos cando é de 1.

b) Comunicación coas familias:

Hai unha coordinadora xeral e unha por cada centro educativo. Establece que quen coordine de forma xeral o programa será quen se comunique co persoal municipal responsable do servizo. Recolle os diferentes mecanismos de información ás familias (atención telefónica e/ou por WhatsApp diaria e correos electrónicos informativos mensuais coa programación e menú), propoñendo expoñelo nun corcho no espazo destinado ao servizo, así como a comunicación vía redes sociais. Establece reunións periódicas entre a persoa responsable da empresa e do concello tal e como establecen os pregos. Á maiores propoñen un plan de avaliación mediante enquisas trimestrais de satisfacción ás familias xunto coa avaliación continua e final.

c) Servizo de almorzo:

Da moita importancia ao servizo do almorzo e especifica que promoverá unha alimentación san, natural e equilibrada (seguen os pregos na alimentación diaria coa prohibición de cereais non azucrados e ausencia de galletas). Conta cunha nutricionista quen elaborará os menús e dispón dun manual de incidencias que cubrirán diariamente quen se encarguen da coordinación. Mostra o procedemento operativo e funcional do servizo (boas prácticas de manipulación e xestión de compras). Inclúe menús adaptados a necesidades alimenticias especiais.

d) Recursos materiais:

Presenta unha lista de materiais funxibles xeral, incluíndo nas actividades cal usará. Alude ás características non discriminatorias, a súa utilización en grupo, ás idades e a evitar accións estereotipos sexistas. Presenta lista dos materiais do almorzo sen incluír os de limpeza e hixiene e engade material de primeiros auxilios.

2. Medios humanos: En función da capacitación do monitorado e da organización do traballo.

Hai unha coordinadora xeral e unha por cada centro educativo. Achega o anexo coas titulacións e formación especializada de cada persoa, así como experiencias similares

anteriores. Contan con formación complementaria específica en igualdade. Refírese ao Regulamento municipal e presenta un cadro coa organización concreta do traballo. Menciona un rexistro diario de análises de perigos e puntos críticos de control.

B. XUSTIFICACIÓN TEO COIDA

1. Organización da prestación do servizo:

a) Proxecto educativo:

- Temática xeral: presenta “Teo sostible: un mundo nas nosas mans”, achegando ás persoas usuarias aos obxectivos do desenvolvemento sostible (ODS).
- Obxectivos: Á parte dos obxectivos do prego, engaden obxectivos respecto dos e das menores participantes, das familias e do concello.
- Metodoloxía a empregar, descrición das actividades, con indicación dos materiais a utilizar en cada unha delas e programación das mesmas por cada mes e planificación do horario durante o tempo do servizo: Desenvolve os elementos integradores da metodoloxía (un fío condutor, a palabra, o xogo, o grupo, as reunións, actividades especiais e motivación e valores), adáptana por grupos de idades e inclúen a transversalidade, dando protagonismo ás persoas usuarias. Presenta unha tipoloxía de actividades cos obxectivos e exemplos de temáticas diversas (pre-multideporte, educación artística e cultural, animación á lectura, xogo, educación emocional, actividades afectivo-sexuais, medio ambiente, igualdade de xénero, obradoiros creativos, ciencia divertida, musicais, adaptadas en función de posibles cambios e días de especiais conmemoracións) co fío condutor dos ODS. Establece as actividades por mes, incluíndo na programación o proxecto “Un mes, unha teense”, para dar a coñecer mulleres significativas do concello, así como especifica os libros que utilizará. Presenta unha planificación do horario durante o tempo do servizo moi ben definida. Percíbese a coherencia entre obxectivos, metodoloxía e actividades en todo o proxecto. Uso non sexista da linguaxe ao longo do proxecto. Non presenta un protocolo de actuación ante accidentes. Non ten un apartado específico sobre o servizo de merenda pero si a inclúe no cronograma.

b) Comunicación coas familias:

Hai unha coordinadora xeral e unha por cada centro educativo. Establece que quen coordine de forma xeral o programa será quen se comunique co persoal municipal responsable do servizo. Recolle os diferentes mecanismos de información ás familias (atención telefónica e/ou por WhatsApp diaria e correos electrónicos informativos antes, durante e ao final das actividades), propoñendo expoñelo nun corcho no espazo destinado ao servizo, así como a comunicación vía redes sociais tamén á poboación xeral. Establece reunións periódicas entre a persoa responsable da empresa e do concello tal e como establecen os pregos. Á maiores propoñen un plan de avaliación mediante enquisas trimestrais de satisfacción ás familias xunto coa avaliación continua e final.

c) Recursos materiais:

Presenta unha lista de materiais funxibles xeral, incluíndo nas actividades cal usará. Alude ás características non discriminatorias, a súa utilización en grupo, ás idades e a evitar accións estereotipos sexistas.

2. Medios humanos: En función da capacitación do monitorado e da organización do traballo.

Hai unha coordinadora xeral e unha por cada centro educativo. Achega o anexo coas titulacións e formación especializada de cada persoa, así como experiencias similares anteriores. Contan con formación complementaria específica en igualdade. Refírese ao Regulamento municipal e presenta un cadro coa organización concreta do traballo.

2. LUDUS TEMPORI S. COOP. GALEGA

A. XUSTIFICACIÓN TEO MADRUGA

1. Organización da prestación do servizo:

a) Proxecto educativo:

- Temática xeral: presenta “Arte e creación”, centrado en que as persoas usuarias potencien a creatividade.
- Obxectivos: Os obxectivos adáptanse ao prego, sinalando obxectivos específicos a maiores.
- Metodoloxía a empregar, descrición das actividades, con indicación dos materiais a utilizar en cada unha delas e programación das mesmas por cada mes e planificación do horario durante o tempo do servizo: A metodoloxía dará protagonismo á educación en valores, á igualdade, diversidade, a lingua galega e a cultura, ao ocio, sendo participativa e fomentando o traballo en equipo, así como terá en conta o traballo individualizado. Propón unha actividade xeral distinta para cada día da semana cun sistema de rotación mensual (xogos de presentación, obradoiros, grandes xogos, musicais, predeportivos e asembleas á volta da fin de semana) con indicación dos materiais a utilizar en cada unha delas. Establece un cronograma coa planificación horaria moi escueta. Non reflicte ningún sistema de avaliación. Presenta un protocolo de actuación ante accidentes.

b) Comunicación coas familias:

Non hai figuras de coordinación. Propón a creación dun grupo de WhatsApp e non concreta as posibles canles de comunicación co concello, deixándoo para unha primeira reunión na que se decidan.

c) Servizo de almorzo:

Refire de forma escueta que se compromete á garantir menús nutricionalmente adecuados e variados e adaptados ás necesidades do alumnado (seguen os pregos).

d) Recursos materiais:

Presenta unha lista de materiais funxibles e deportivos (somera) e nos de almorzo non inclúe os de limpeza e hixiene. Engade botiquín e material sanitario.

2. Medios humanos: En función da capacitación do monitorado e da organización do traballo. Non establece figuras de coordinación nin achega o anexo coas titulacións e formación especializada de cada persoa, así como experiencias similares anteriores, mencionando só ao principio que serán 8 monitoras coas titulacións que establecen os pregos ou superiores.

B. XUSTIFICACIÓN TEO COIDA

1. Organización da prestación do servizo:

a) Proxecto educativo:

- Temática xeral: presenta “Arte e creación”, centrado en que as persoas usuarias potencien a creatividade.
- Obxectivos: Os obxectivos adáptanse ao prego, sinalando obxectivos específicos a maiores.
- Metodoloxía a empregar, descrición das actividades, con indicación dos materiais a utilizar en cada unha delas e programación das mesmas por cada mes e planificación do horario durante o tempo do servizo: A metodoloxía dará protagonismo á educación en valores, á igualdade, diversidade, a lingua galega e a cultura, ao ocio, sendo participativa e fomentando o traballo en equipo, así como terá en conta o traballo individualizado. Propón unha actividade xeral distinta para cada día da semana cun sistema de rotación mensual (xogos de presentación, obradoiros, grandes xogos, musicais, predeportivos, teatro, cans de terapia, horta ecolóxica, asemblea e recollida) con indicación dos materiais a utilizar en cada unha delas. Establece un cronograma coa planificación horaria moi escueta. Non reflicte ningún sistema de avaliación. Presenta un protocolo de actuación ante accidentes. Non ten un apartado sobre o servizo de merenda.

b) Comunicación coas familias:

Non hai figuras de coordinación. Propón a creación dun grupo de WhatsApp e non concreta as posibles canles de comunicación co concello, deixándoo para unha primeira reunión na que se decidan.

c) Recursos materiais:

Presenta unha lista de materiais funxibles, deportivos, de traballo na horta, refugallo, altofalantes, contos (somera). Engade botiquín e material sanitario.

2. Medios humanos: En función da capacitación do monitorado e da organización do traballo. Non establece figuras de coordinación nin achega o anexo coas titulacións e formación especializada de cada persoa, así como experiencias similares anteriores, mencionando só ao principio que serán 6 monitoras coas titulacións que establecen os pregos ou superiores.

3. SERVICIOS INTEGRALES DE FORMACIÓN, S.L.

A. XUSTIFICACIÓN TEO MADRUGA

1. Organización da prestación do servizo:

a) Proxecto educativo:

- Temática xeral: presenta “Os grandes inventos da historia” que achegará ás persoas usuarias unha serie de descubrimentos ou inventos que marcaron un avance na historia da humanidade, con mención específica a mulleres científicas e inventoras.
- Obxectivos: Os obxectivos adáptanse ao prego sen sinalar obxectivos específicos a maiores.
- Metodoloxía a empregar, descrición das actividades, con indicación dos materiais a utilizar en cada unha delas e programación das mesmas por cada mes e planificación do horario durante o tempo do servizo: A metodoloxía é lúdica, motivadora, participativa, comunicativa, creativa, cooperativa, igualitaria, flexible e transversal, fomentando as opinións das persoas participantes. Fai alusión nun apartado ás actividades transversais. Inclúe principios inspiradores. Menciona as actividades dividíndoas en tres grupos: xogo libre tutelado, xogos cooperativos e actividades temáticas, con indicación dos materiais e programación de todas por mes e semana. Engade actividades estacionais (día internacional da democracia, da alimentación, do nadal, paz, muller e ciencia, entroido, da nai terra, da diversidade biolóxica e do medio ambiente. Presenta unha planificación do horario para cada centro durante o tempo do servizo moi ben definida. Percíbese a coherencia entre obxectivos, metodoloxía e actividades en todo o proxecto, e engade un sistema de avaliación tanto continua como final para o que terá en conta unha serie de indicadores, como son os de xénero, sobre o proxecto e sobre o grao de satisfacción das familias. Uso non sexista da linguaxe ao longo do proxecto. Non presenta un protocolo de actuación ante accidentes.

b) Comunicación coas familias:

Hai unha coordinadora xeral e unha por cada centro educativo. Establece que quen coordine de forma xeral o programa será quen se comunique co persoal municipal responsable do servizo e tamén estará a disposición das familias. Recolle os diferentes mecanismos de información ás familias (atención telefónica e/ou por WhatsApp, cun teléfono de referencia para cada centro, e unha conta de correo electrónico), propoñendo outro como a visita á páxina web onde poden ver as actividades diarias.

c) Servizo de almorzo:

Especifica que promoverán unha alimentación san, natural e equilibrada (seguen os pregos na alimentación diaria coa prohibición de cereais non azucrados e ausencia de galletas) e con produtos de temporada. Conta cunha nutricionista que formará ao persoal así como seleccionará as froitas de temporada dos menús e dispón dun manual de autocontrol que cubrirán diariamente quen se encarguen da coordinación. Inclúen menús adaptados a necesidades alimenticias especiais e comunicación coas familias para o seguimento da alimentación dos e das menores.

d) Recursos materiais:

Alude ás características non discriminatorias, a súa utilización en grupo e ás idades. Distingue os tipos de materiais en función das actividades (audiovisual, informático e deportivo; para grandes xogos, distensión, cooperativos e de mesa; funxibles, de animación á lectura e de reciclaxe...) e os do almorzo, incluíndo os propios do persoal e os de limpeza e hixiene.

2. Medios humanos: En función da capacitación do monitorado e da organización do traballo. Hai unha coordinadora xeral e unha por cada centro educativo. Presenta un cadro organizativo onde diferencia funcións de coordinación e do monitorado e achega tamén un anexo coas titulacións e formación especializada de cada persoa, así como experiencias similares anteriores. Contan con formación complementaria específica en igualdade. Falta coherencia co idioma na presentación dos currículos . Refírese ao Regulamento municipal e cumpre a ratio.

B. XUSTIFICACIÓN TEO COIDA

1. Organización da prestación do servizo:

a) Proxecto educativo:

- Temática xeral: presenta “Benji Holmes, detective de misterios”, un proxecto baseado no xogo social centrado no mundo dos enigmas fomentando a imaxinación das crianzas.
- Obxectivos: Os obxectivos adáptanse ao prego.
- Metodoloxía a empregar, descrición das actividades, con indicación dos materiais a utilizar en cada unha delas e programación das mesmas por cada mes e planificación do horario durante o tempo do servizo: A metodoloxía é lúdica, motivadora, participativa, comunicativa, creativa, cooperativa, igualitaria, flexible e transversal, fomentando as opinións das persoas participantes. Fai alusión nun apartado ás actividades transversais. Inclúe principios inspiradores. Xunto coas dinámicas do proxecto de xogo social Benji Holmes, describe as actividades incluíndo diferentes tipos de xogos, con indicación dos materiais e programación de todas por mes e semana. Engade actividades estacionais (día internacional da democracia, da alimentación, do nadal, paz, muller e ciencia, entroido, da nai terra, da diversidade biolóxica e do medio ambiente. Presenta unha planificación do horario para cada centro durante o tempo do servizo moi ben definida. Percíbese a coherencia entre obxectivos, metodoloxía e actividades en todo o proxecto, e engade un sistema de avaliación tanto continua como final para o que terá en conta unha serie de indicadores, como son os de xénero, sobre o proxecto e sobre o grao de satisfacción das familias. Uso non sexista da linguaxe ao longo do proxecto. Non presenta un protocolo de actuación ante accidentes. Ten un apartado sobre o servizo de merenda.

b) Comunicación coas familias:

Hai unha coordinadora xeral e unha por cada centro educativo. Establece que quen coordine de forma xeral o programa será quen se comunique co persoal municipal responsable do servizo e tamén estará a disposición das familias. Recolle os diferentes mecanismos de información ás familias (atención telefónica e/ou por WhatsApp, cun teléfono de referencia para cada centro, e unha conta de correo electrónico), propoñendo outro como a visita á páxina web onde poden ver as actividades diarias.

c) Recursos materiais:

Alude ás características non discriminatorias, a súa utilización en grupo e ás idades. Distingue os tipos de materiais en función das actividades (audiovisual, informático e deportivo; para grandes xogos, distensión, cooperativos e de mesa; funxibles e de reciclaxe...).

2. Medios humanos: En función da capacitación do monitorado e da organización do traballo. Hai unha coordinadora xeral e unha por cada centro educativo. Presenta un cadro organizativo onde diferencia funcións de coordinación e do monitorado e achega tamén un anexo coas titulacións e formación especializada de cada persoa, así como experiencias similares anteriores. Contan con formación complementaria específica en igualdade. Falta coherencia co idioma na presentación dos currículos . Refírese ao Regulamento municipal e cumpre a ratio.

	máximo	IDEAS DE BOLINA	LUDUS TEMPORI	SIF
Criterios avaliados mediante xuízos de valor	25			
A) Organización da prestación do servizo	22	18,50	8,5	20
A.1 Proxecto educativo	13	10,5	6	11
A.1. a Temática xeral	1,5	1,5	1	1,5
A.1. b Obxectivos	1,5	1,5	1,5	1
A.1. c Metodoloxía	2	1,5	0,5	1,5
A.1. d Actividades (materiais, programación mensual e planificación horaria)	8	6	3	7
A.2 Comunicación coas familias (e co persoal municipal)	3	3	1	3
A.3 Servizo de almorzo	3	3	0,5	3
A.4 Recursos materiais	3	2	1	3
A.4. a Materiais servizo almorzo	1,5	1	0,5	1,5
A.4. b Materiais actividades lúdicas	1,5	1	0,5	1,5
B) Medios humanos	3	3	0,5	3
B.1 Formación monitorado	1,5	1,5	0	1,5
B.2 Organización do traballo	1,5	1,5	0,5	1,5
PUNTUACIÓN TOTAL		21,50	9	23

Estefanía A. Lodeiro Paz

Teo, 10 de setembro de 2024